




GUÍA DE LECTURAS: EN TEMPOS DE HITLER



Diario de Ana Frank

Tras a invasión de Holanda, os Frank, comerciantes xudeus alemáns emigrados a Amsterdam en 1933, ocultáronse da Gestapo nunha bufarda anexa ao edificio onde o pai de Ana tiña as súas oficinas. Eran oito persoas e permaneceron recluídas, desde xuño de 1942 ata agosto de 1944, data en que foron detidos e enviados a campos de concentración. Nese lugar e nas máis precarias condicións, Ana, naquel momento unha nena de trece anos, escribiu o seu estremecedor Diario




Cuando Hitler robó el conejo rosa / Cando Hitler roubou o coello rosa de Judith Kerr

Este relato autobiográfico conta as experiencias dunha nena berlinesa, Anna, que observa a ascensión de Hitler ao poder e as súas funestas consecuencias. De pronto, sente que lle arrebatan bruscamente a súa infancia, o seu coello rosa de peluche, e obrígana a pasar á madurez, entrando de súpeto na súa vida as preocupacións e responsabilidades dos adultos.

La ladrona de libros de Markus Zusak

Este libro narra a historia dunha nena alemá chamada Liesel Meminger, que é dada en adopción pola súa nai e cae no medio dunha familia de amantes da lectura: Hans e Rose Hubermann. Esta familia ademais é contraria á ideoloxía nazi e esconden no seu soto a Max, un neno xudeu.



El niño con el pijama de rayas / O neno do pixama a raias de John Boyne

Bruno, un neno de nove anos, vive en Berlín coa súa familia: a súa irmá de doce anos, Gretel, Nai e Pai. Un día teñen que mudarse, para indignación de Bruno, que debe deixar os seus tres mellores amigos para toda a vida. A nova casa atópase xunto a unha cerca.

